



CIRCULAR INFORMATIVA 12/2019

1. CLASES DE INGLÉS PARA COLEXIADOS 2019-2020

Coma estes últimos anos, o Colexio de Avogados seguirá ofrecendo clases de inglés para todos os colexiados/as interesados/as. De cara a garantir un mellor aproveitamento dos recursos, a Xunta de Goberno acordou que a programación do curso se adecúe aos seguintes requisitos de matriculación:

- Crearanse un máximo de 3 grupos ou niveis.
- A creación de cada grupo estará condicionada a **un mínimo de 10 colexiados matriculados e con asistencia regular** durante as sesións do curso. A falta reiterada de asistencia por debaixo dos mínimos antes sinalados poderá dar lugar á anulación das clases nese grupo.
- Establécese un custo mensual de 20 euros para cada colexiado inscrito.

Esta formación será impartida por docentes nativos do Workshop English Center na sede principal do colexio e **dará comezo o vindeiro 15 de outubro** con horarios e grupos similares aos do curso pasado.

Os colexiados interesados deberán **preinscribirse no curso antes do vindeiro venres 4 de outubro ás 14.00 h**, por medio de solicitude escrita presentada na secretaría do Colexio ou remitida ao correo electrónico contabilidade@icasantiago.org.

Unha vez realizada a preinscrición, as persoas anotadas deberán poñerse en contacto co director docente (Anthony) a través do teléfono 661 887 787 ou do correo workshop.international@gmail.com, co fin de establecer os grupos (segundo o nivel de coñecemento) e a programación dos días e horarios definitivos.

3. CONFERENCIAS DOS LUNS: “RESPONSABILIDADE CIVIL DO AVOGADO. ASPECTOS PRÁCTICOS”

O Colexio de Avogados ofrecerá de forma **telemática** dende o salón de actos esta conferencia programada polo CXAE dentro do seu plan de formación “Conferencias dos luns”.

Día: luns, 30 de setembro

Hora: 16:25 a 18.00 h

Lugar: salón de actos (retransmisión telemática dende a sede do CXAE)

Custo: gratuíto

Inscrición: libre ata completar a capacidade do salón

Programa:



CIRCULAR INFORMATIVA 12/2019

16.25 h Presentación da sesión

16.30 h

Relator: **D. Pascual Valiente Aparicio. Avogado, conselleiro do Consello Xeral da Avogacía Española**

“Responsabilidade civil do avogado. Aspectos prácticos”

1. Introducción. Situación actual. Incremento progresivo de accións de R.C. contra avogados
2. Natureza xurídica da responsabilidade
3. Fundamento da R.C. do avogado
4. Obrigas do avogado cuxo cumprimento pode determinar a súa posible R.C.
 - 4.1 Cumprimento de instrucións
 - 4.2 Información
 - 4.3 Coñecemento xurídico
 - 4.4 Praxe profesional
 - 4.5 Lealdade e outras obrigas deontolóxicas
 - 4.6 Actuación dilixente
5. Supostos de R.C. do avogado
6. Elementos configuradores da R.C.
7. Supostos de exercicio colectivo da avogacía
8. Outras cuestións

18.00 h Fin da sesión

2. XORNADA: “ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN XUDICIAL DE ACTIVOS”

A Escola Galega de Administración Pública ofrecerá o vindeiro 8 de outubro esta xornada.

Día: 8 de outubro

Hora: 9.00 h

Lugar: EGAP (rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela)

Inscrición: gratuíta, por orde de chegada, no correo fundacioncontraelnarcotrafico@gmail.com ou en <https://egap.xunta.gal>

Máis información e programa: ver PDF anexo